



## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### 3ª ESO

#### Exercicios día 15

- Resumo e clasificación temática dos textos 1, 2 e 3 da páxina 134 e 135.

**Texto 1.** É unha cantiga de Santa María lírica na que se eloxia a Virxe e se di que ela é a nosa guía para chegar a Deus e o paraíso e a que nos pode apartar do pecado.

**Texto 2.** É un texto de prosa medieval de ficción que pertence aos *Miragres de Santiago*, no *Códice Calixtino*. Describe como é o altar que está onda o sepulcro de Santiago.

**Texto 3.** É un texto de prosa medieval de ficción, que pertence ao Ciclo artúrico. Nel o cabaleiro Agravaim cóntalle ao rei Artur que a raíña Xenebra e Lancelot manteñen unha relación, o rei queda moi triste.

#### Exercicios día 20.

1. Resume as dúas cantigas.
  - a. **Texto 1:** Unha abadesa quedou preñada e as monxas acusárona ao bispo. Esta foille rogar a Santa María e a Virxe sacoulle a criatura e mandouna criar a Saxonia. Cando o bispo a mandou espir para comprobar se era certo xa non estaba preñada, este loou a abadesa e enfadouse coas monxas. Ao final conclúe, xa avanzado no refrán, que debemos amar e rogar a Virxe que nos aparte das tentacións do demo.
  - b. **Texto 2:** Santa María é a nosa guía para mostrarnos o camiño cara Deus e a nosa salvación, fainos ver cando nos equivocamos e intercede por nós ante o Señor.

2. Di cal é lírica e cal é narrativa xustificando a resposta. Que teñen en común e que teñen diferente?

A segunda cantiga é lírica, eloxia a Virxe María. É unha especie de oración.

A primeira cantiga é narrativa, cóntanos un milagre que fixo a Virxe María por unha abadesa que era moi devota súa.

En común teñen a temática relixiosa, o epígrafe explicativo (*[Esta é como Santa María livrou a abadesa prenhe, que adormecera ant' o seu altar chorando.]*, *Esta é de loor.*) e o refrán lírico que aparece ao principio e que se repite ao final de cada estrofa. Diferéncianse en que unha conta un milagre e a outra é lírica, isto é, expresa os seus sentimentos cara a Virxe e os seus poderes.

## Grandes temas na poesía do Rexurdimento.

Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal.

### Exercicios día 23

#### A muller (Rosalía de Castro)

*“A xustiza pola man”*

1. A que alude coas expresións “roubáronme tanta brancura que eu tiña”, “botáronme estrume nas galas dun día” e “a roupa decote puñéronma en tiras”

**Alude a unha violación.**

2. Por que di “Aqués que ten fama de honrados na vila”

**Porque era máis deshonoroso para a vítima (presunta culpable) que para o propio agresor (presunto inocente).**

3. A que clase social cres que pertencen os agresores? Que expresións che fan pensar iso?

**Pertencen á clase alta porque durmían en “cama mulida”.**

4. Por que di “Quedei deshonorada”

**No século XIX ser vítima dunha violación é considerado como unha deshonor. Suponse que non foi o suficientemente prudente e sensata.**

5. Fíxate nos dous últimos versos. Cres que se fixo xustiza?

*“Xan”*

6. Que diferenza hai entre as ocupacións de Xan e as de Pepa? Como imaxinas a vida dunha muller e a dun home no campo hai algo máis dun século?

**Xan fai todos os traballos duros (tanto fóra como na casa) e Pepa os que requiren menor esforzo.**

**A vida dos homes e mulleres no campo no século XIX era bastante dura, pero a dunha muller máis, porque axudaba nos traballos do campo e logo tiñase que ocupar ela soa dos da casa, a crianza dos fillos e o coidado das persoas maiores.**

7. Que sentido teñen os últimos seis versos?

**Rosalía pon a Xan como vítima, pero ao final acláranos que para haber un Xan hai moitas Marías. Ou sexa, que normalmente a situación é a inversa.**

*“Que lle digo?”*

8. Quen dialoga no poema?

**Dialogan dous emigrantes.**

9. Un dos dous queda en América. Por que lle di ao outro “olvidarás que fuches meu testigo”?

**Non quere que lle conte á súa muller como é a súa vida actual.**

10. Comenta os versos “Cando vello sea tornarei cos meus ósos para a aldea”

**Agora está a gusto en América, pero cando necesite a alguén que o coide de vello volverá xunto á súa muller.**

11. Quen é Rosa?

**Rosa é a muller coa que vive actualmente en América.**

12. Como imaxinas que vive Antona?

**Resposta aberta (Eu imaxínoa preocupada por non recibir noticias do marido, pensando que estará enfermo ou mal economicamente e coidando de toda a familia)**

*“Vivir para ver”*

13. Que lle promete o namorado a María?

**Promételle que vai volver para casar con ela, e pídelle que o agarde.**

14. Cumpre a súa promesa?

**Non, porque pasan moitos anos e ela dáse conta de que xa se esqueceu da promesa.**

“Daquelas que cantan as pombas e as flores”

15. Que cres que simbolizan as pombas e as flores en poesía?

**Unha temática tan fermosa como intrascendente (o que se supoñía propiamente feminino)**

16. Por que di Rosalía que non as canta?

**Porque ela quere facer outra clase de poesía. Unha poesía que trate dos sentimentos e dos problemas do ser humano en xeral e da muller en particular.**

17. Que pregunta se fai ao final? Que significado ten esa pregunta?

**Pregúntase de que terá alma ela, que se sabe diferente ao que se supón que debería ser unha muller naquela época.**

**Rosalía non está disposta a seguir o camiño que lle marcan e rebélase.**

### Exercicios día 25

#### A muller (Eduardo Pondal)

*“Meniña, rapaza nova”*

1. Que ten que facer a meniña? Cal é a súa función?

**Ten que ser a “doce menciña” que o cure. Algo así como o descanso do guerreiro, que era para Pondal o verdadeiro heroe.**

*“¿oh, quen puidera”*

2. Cres que é unha poesía romántica? Por que di “pillarte” en lugar de dicir por exemplo “encontrarte”? Que efectos soe ter a hedra sobre a árbore que “cingue”?

**A utilización da palabra “pillarte” suxire que a vontade dela ten pouca importancia. Ademais a hedra soe matar a árbore á que abraza.**

**Aínda que di “cos brazos darche mil tenras voltas” e moitos autores falan dunha visión romántica da muller, desde o punto de vista actual non parece moi correcta.**

*“Pilleina antre os pinos soa”*

3. É unha poesía claramente misóxina. En que elementos o podemos ver?

**Vese que se trata dunha agresión nas expresións “pilleina”, “alba de medo tornou”, “quixo fuxir mais non puido”**

*“As almas escravas”*

4. Todo o poema establece unha antítese entre almas escravas / alma do bardo. Que termos se asocian a cada un deles? (adxectivos, substantivos, verbos)

**Con “almas escravas” asóciase “ideas non grandes”, “ cousas femíneas, molentes e infames”, “o ánimo agobian”**

**Coa “alma do bardo” asóciase “enérxica, ousada” “propósitos férreos” “que ergueran a patria”.**

**En definitiva: as almas escravas van asociadas co feminino, brando, dócil...; mentres que a alma do bardo está relacionada co masculino, enérxico, ousado, que conduce cara a gloria e a liberdade.**

*“Abonda de oración...”*

5. Con cal dos anteriores poemas o asocias?

**Seméllase a “pilleina antre os pinos soa”, posto que non se ten en conta para nada os desexos e o medo da muller.**

### Exercicios día 27

#### A lingua galega

*“Prólogo aos Cantares”* Rosalía de Castro

1. Que pretende demostrar Rosalía con respecto á lingua galega?

**Que é tan válida como a que máis para expresar calquera tipo de sentimento ou pensamento.**

2. Que tipo de lingua utiliza?

**A lingua que utiliza é unha lingua oral que ela recolle dos aldeáns “sin gramática nin regras de ningunha clas” (posto que aínda non había gramáticas nin dicionarios)**

“*A fala*” Eduardo Pondal

3. Que tres funcións ten a lingua galega?

**Ten como funcións: guiar ao fillos dos celtas (galegos) ao triunfo, xuntar ao galegos dispersos (emigración) nun propósito común de loita pola gloria futura, e unirlos “cos fillos do luso” (Portugal) nun futuro común.**

“*Falade galego*” Eduardo Pondal

4. Que propósito ten este poema?

**Ten como propósito animar á utilización da lingua galega.**

“*A lingua tiveran*” Eduardo Pondal

5. Quen é “a nai aflixida”? De que se espanta?

**A nai aflixida, Galicia, espántase de que os seus fillos abandonen a lingua por outra, de tal xeito que ela mesma os toma por estranxeiros.**

“*Introdución*” Manuel Curros Enríquez.

6. Que prognóstico fai Curros con respecto á diversidade lingüística?

**Curros opina que vai haber no futuro unha soa lingua, compendio de todas as existentes nese momento.**

7. Cal será a nova lingua universal?

**Manuel Curros Enríquez opina que esa nova lingua universal será o galego.**

### Exercicios día 30

#### A función da poesía

“*Dúas palabras da autora*” (prólogo de *Follas novas*) **OLLO, AQUÍ HABÍA UN ERRO!**

1. Para que ou para quen escribe Rosalía?

**En “Prólogo” de *Cantares gallegos*, Rosalía di que escribe para demostrar aos non galegos (ela sabía que os protagonistas da súa poesía, labregos e mariñeiros, eran maioritariamente analfabetos, sobre todo en galego) que a lingua galega serve para tratar calquera tipo de tema e expresar calquera tipo de sentimento.**

**En “Dúas palabras da autora” de *Follas novas* Rosalía di que escribe por e para os que sofren, sobre todo para as mulleres galegas, que segundo ela son as que peor o pasan (traballo, emigración, coidado da familia, soidade...)**

“*A lira de Tyrteo*”

2. Que pretende facer Pondal coa Lira (=poesía)?

**Pretende espertar ao pobo galego do profundo sono en que está sumido para que loite pola súa liberdade, igual que fixo Tyrteo, que coa súa lira animou aos espartanos a vencer aos mesinos.**

“*Crebar as liras!*”

3. Que función ten a poesía para Curros?

**A poesía ten como función loitar contra todo tipo de tiranía, defender aos máis débiles dos abusos dos poderosos. El pon a súa lira ao servizo do pobo galego.**

4. “*Crebar as liras*” significa ‘deixar de escribir poesía’. En que situación Curros estaría disposto a facer iso? Por que non pode facelo de momento?

**Deixaría de escribir poesía se con iso o seu pobo correse mellor sorte, pero mentres o pobo necesite de consolo, el estará aí para denunciar todo tipo de inxustiza.**

## Exercicios día 1/4

### A emigración

“Adios, ríos, adiós fontes” e “Pra Habana”

1. Hai algún cambio entre como trata a emigración Rosalía de Castro no poema de *Cantares gallegos* (“Adios, ríos, adiós fontes”) e no de *Follas Novas* (“Pra Habana”)?

**No primeiro texto trátase da emigración desde o punto de vista dun emigrante e expresa a dor por todo o que ten que deixar para enfrontarse ao descoñecido e incerto destino.**

**No segundo texto aparece desde todos os puntos de vista: os que se van, que teñen que deixar a Terra; pero tamén os que se quedan: pais que non teñan fillos, fillos que non teñen pais, viúvas de vivos e mortos. E tamén Galicia, que queda abandonada e empobrecida “Galicia, sin homes quedas, que te poidan traballar”.**

“Cántiga” e “A emigración”

2. As visións que dá Curros da emigración nos dous poemas son moi diferentes? Por que cres que se pon a favor da emigración no segundo?

**No primeiro hai unha visión negativa da emigración. A emigración supón sufrimento e morte “unha cova nun outeiro e un cadáver no fondo do mar”.**

**No segundo ponse a favor da emigración, posto que se na terra non hai oportunidades, é lícito buscalas noutra parte. É un poema escrito cando Curros pensaba emigrar a Cuba, aínda que logo se dará conta do seu erro.**

3. Indica as similitudes e diferenzas entre o tratamento que se lle dá á emigración en Rosalía de Castro e Curros Enríquez.

**En “Cántiga” Curros igual que Rosalía ve que sofren os que se van (mozo) e tamén os que se quedan (moza). As diferenzas son que Rosalía analiza o problema con maior profundidade e fala de todos os afectados, mentres que Curros o relaciona soamente coa separación de dous namorados.**

**Ademais Rosalía nunca ten unha visión positiva da emigración, para ela sempre significa sufrimento e morte “No cemiterio inmenso da Habana, ide ver que foi deles?”**